



ANEXO I. Iniciativas impulsadas pola Amtega e/ou en colaboración con outras organizacións

NOVOS PERFÍS



REFORZAR A ADECUACIÓN DA
CAPACITACIÓN DOS
PROFESIONAIS TIC

*Actividades de
sensibilización e
asesoramento*

Hackathon CEIN Big Data e Analytics



Obxectivo

Potenciar o talento en torno unha tendencia en torno ao Big Data, unha das tendencias tecnolóxicas cada vez máis estendida na economía dixital.

A quen vai dirixido?

- Analistas, universitarios, emprendedores e outros interesados en Big Data.

En que consiste?

Evento orientado a reunir un equipo de analistas, universitarios, emprendedores e todo tipo de persoas con inquietudes tecnolóxicas en Analytics & Big Data que competirán durante dous días co fin de elaborar unha solución tecnolóxica baseada nestas tendencias que dea resposta ao reto que se defina inicialmente. O Hackathon celebrarase nas instalacións do CEIN da Cidade da Cultura.

VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



FOMENTAR O ATRACTIVO DAS PROFESIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

Accións divulgativas e de inmersión tecnolóxica

O Core das TIC

coremain

Obxectivo

Captar o interese e potenciar a curiosidade dos máis novos pola tecnoloxía nunha contorna lúdica e distendida.

A quen vai dirixido?

- Estudantes de 12 a 17 anos

En que consiste?

Desenvolvemento dunha serie de talleres de ideas, demos e/ou actividades lúdicas nas instalacións desta empresa, achegando aos nenos e nenas os proxectos relacionados co ámbito das telecomunicacións.

VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



FOMENTAR O ATRACTIVO DAS PROFESIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

Accións divulgativas e de inmersión tecnolóxica

FutureLab+FunCode



Obxectivo

Captar o interese e potenciar a curiosidade dos máis novos pola tecnoloxía nunha contorna lúdica e distendida.

A quen vai dirixido?

- Estudantes de 12 a 17 anos

En que consiste?

Desenvolvemento dunha serie de talleres de ideas, demos e/ou actividades lúdicas que terán lugar nas instalacións desta empresa, achegando aos nenos e nenas os proxectos relacionados cos ámbitos do coche conectado e a programación.

VOCACIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS



FOMENTAR O ATRACTIVO DAS PROFESIÓNS CIENTÍFICO-TECNOLÓXICAS

Accións divulgativas e de inmersión tecnolóxica

Acerca-T

Televes

Obxectivo

Familiarización do alumnado coa área das novas tecnoloxías, en aras de potenciar a súa orientación cara ao ámbito TIC.

A quen vai dirixido?

- Alumnado de secundaria e bacharelato.

En que consiste?

Posta en circulación dunha unidade móbil formativa equipada con material de telecomunicacións e robots deseñados e fabricados pola empresa Televes coa que visitará distintos centros educativos galegos.

As paradas da unidade móbil incluírán centros educativos das catro provincias galegas e tamén as oficinas centrais da empresa e servirán como localización accesible para todos os alumnos e alumnas da área de influencia, que tamén terán oportunidade de visitar a fábrica da empresa en Santiago de Compostela.